



REGISTRO XERAL	
DATA	27/08/2013

Curuxeiras, 27 de Agosto de 2013

ASUNTO: Limpeza rúas das Curuxeiras.

No mes de xuño pasado, remitimos un escrito no que poñiamos de manifesto a necesidade de proceder a limpeza das rúas do pobo das Curuxeiras, que levan sen limpar dende as festas patronais celebradas a principios de febreiro, presentando un estado lamentable; así como a limpeza das reixas existentes en distintas rúas, que están cheas de arena arrastrada polas choivas e que en algúns casos non cumpren a súa función, permitindo que as augas causen estragos innecesarios.

As bases de contratación do servizo de limpeza e recollida de residuos sólidos do Concello de Ourense di que ós núcleos rurais correspóndelle o nivel de limpeza 3, que según o cadro de frecuencias semanais é de: 2 veces varrido manual, 1 vez varrido de mantemento, 1 vez varrido mecánico de beirarúas, 1 vez varrido mecánico de calzadas e 1 vez baldeo mecánico de calzadas.

Como se pode demostrar, dende o mes de xaneiro ata o de setembro (8 meses), a empresa de limpeza sómente limpou as rúas e beirarúas do pobo das Curuxeiras, unha única vez, contravindo as bases de contratación de forma descarada; e o peor disto é que por parte dos responsables técnicos e políticos de vixiar o cumprimento do contrato non se toman as medidas o suficientemente contundentes para que isto non suceda.

Por todo isto, esiximos, que de forma inmediata se proceda a unha limpeza urxente das rúas e beirarúas do pobo das Curuxeiras; e a partir de aí, se esixa o cumprimento estrito das frecuencias semanais de limpeza que nos corresponden según o nivel 3. De non ser así, verémonos na obriga de denunciar a través dos medios de comunicación a tremenda inxustiza que se esta cometendo coa limpeza dos núcleos rurais do Concello de Ourense.

Axúntanse planos das zonas que necesitan dita limpeza, así como fotos do estado deplorable no que se encontran.

Atentamente.

**José Manuel García Casares
Presidente**

**EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Limpeza**

